

Avanza no seu liderado na información ao consumidor

EROSKI PRESENTA 'EKILIBRIA', UN PROGRAMA PIONEIRO DE DIAGNÓSTICO NUTRICIONAL PARA O CONSUMIDOR

- **O novo programa 'Ekilibria' ofrécelle ao consumidor un informe mensual personalizado e confidencial que compara as súas compras coas recomendacións científicas para practicar unha alimentación saudable**
- **'Ekilibria' é unha ferramenta dixital pioneira que utiliza as novas tecnoloxías no tratamento da información para mellorar o benestar dos consumidores**
- **Calquera Socio-Cliente, titular dunha tarxeta EROSKI Club, pódese subscribir ao programa 'Ekilibria' e consultar o seu informe nutricional personalizado**
- **O programa 'Ekilibria' ofrece tamén recomendacións personalizadas, propón novas receitas e promocións que impulsen a práctica dunha alimentación equilibrada, e pon á disposición dos Socios-Cliente un servizo de consultorio nutricional**

Elorrio, 2 de febreiro do 2017.- [EROSKI](#) presenta hoxe 'Ekilibria', un programa pioneiro que utiliza as novas tecnoloxías da información para axudar os consumidores a practicaren unha alimentación saudable. EROSKI, como cooperativa de consumo que sempre destacou pola súa actividade na formación e información ao consumidor, dá un novo paso ao poñer avanzadas ferramentas de diagnóstico nutricional personalizado ao servizo dos consumidores. Trátase dun servizo pioneiro en España, dispoñible para calquera Socio de EROSKI Club, e que se completa con recomendacións personalizadas, receitas e promocións que impulsen a práctica dunha alimentación equilibrada e mais cun servizo de consultorio nutricional.

"As novas tecnoloxías avanza rapidamente. Hai 40 anos o principal soporte de información ao consumidor era a nosa revista, que hoxe seguimos a publicar, EROSKI CONSUMER. Logo evolucionamos á web e, posteriormente, ás aplicacións para móbiles. Agora damos un novo salto para lle ofrecer unha información personalizada ao consumidor co obxectivo de axudalo a mellorar a súa calidade de vida a través da práctica dunha alimentación máis equilibrada", explica o director de responsabilidade social de EROSKI e máximo responsable das publicacións EROSKI CONSUMER, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Os consumidores poden acceder ao programa 'Ekilibria' a través da páxina web de EROSKI www.eroski.es/ekilibria, onde os Socios-Cliente de EROSKI Club se poden rexistrar para obter o seu diagnóstico nutricional personalizado. Trátase dun informe mensual co resultado da análise das compras de cada Socio-Cliente comparado cos criterios nutricionais recomendados pola comunidade científica. O informe indica, dun xeito visual e moi doado de entender, se o consumo de diferentes grupos de alimentos que realiza o Socio Cliente se axusta ás recomendacións científicas do que se considera unha dieta equilibrada.

Para o diagnóstico tense en conta a composición do fogar (número de membros, adultos e nenos) e a frecuencia de comidas na casa. Ademais, o Socio-Cliente poderá ver a evolución da súa dieta no tempo e comparar os seus resultados coa media dos consumidores participantes no programa.

"Segundo cal sexa o resultado do seu diagnóstico, cada un recibirá consellos, receitas e promocións para acompañalo na súa práctica dunha alimentación equilibrada", explica Martínez Berriochoa.

Consultorio nutricional, receitario e noticias de actualidade

Calquera consumidor pode consultar a información do programa 'Ekilibria', que reúne unha ampla base de receitas saudables con novos xeitos e trucos para cociñar os alimentos máis importantes que configuran unha dieta equilibrada. Ademais, calquera consumidor pode acceder tamén ás noticias sobre alimentación, nutrición e novas tendencias seleccionadas polo programa, e mais ás conversas dos usuarios no consultorio nutricional, con consellos e respostas dun equipo de nutricionistas, se ben para poder participar e solicitar consellos personalizados cumprirá formar parte da "comunidade Ekilibria".

"Coñecerse mellor e acceder a pequenas axudas para mellorarmos a nosa calidade de vida cotiá é a oportunidade que nos brinda Ekilibria", apunta o director de Responsabilidade Social da cooperativa. E engade: "trátase dun primeiro paso na mellora, pero sempre tendo en conta que o programa ofrece orientación pero en ningún caso supe a función de nutricionistas e dietistas, verdadeiros expertos e especialistas, especialmente de cara a aquelas persoas que teñen diagnosticado algún tipo de intolerancia ou afección e que, polo tanto, deben ser guiadas por profesionais médicos que teñen un labor indispensable e que nos asesoran no desenvolvemento do programa".

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O novo programa 'Ekilibria' de EROSKI conta co apoio da Sociedade Científica Española de Dietética e Nutrición (SEDYN), da Sociedade Española de Dietética e Ciencias da Alimentación (SEDCA), da Asociación "5 ao día", que ten por obxectivo promover o consumo de froitas e verduras frescas, e mais da Fundación de Hipercolesterolemia Familiar (FHF).

O presidente da Sociedade Científica Española de Dietética e Nutrición (SEDYN), Bittor Rodríguez, sinala que *"como membros da comunidade científica, quixemos apoiar dende o comezo o desenvolvemento desta ferramenta informática que, dende a rigorosidade do que consideramos unha dieta equilibrada, ofrece un diagnóstico personalizado. Cremos que é o camiño para avanzarmos na divulgación de pautas para unha alimentación saudable e axudarmos o consumidor a reorientar os seus hábitos para unha mellor calidade de vida"*.

Pola súa banda, o presidente da Sociedade Española de Dietética e Ciencias da Alimentación (SEDCA), Jesús Román Martínez Álvarez, manifesta que *"querémoslle dar os parabéns a EROSKI por esta iniciativa, unha innovación que abre un novo camiño no diagnóstico e nas recomendacións que, como profesionais da saúde, lles damos aos nosos pacientes en relación aos seus hábitos alimentarios. Cómpre salientar como EROSKI comparte esta información cos seus clientes para axudalos a xestionar máis conscientemente os cambios que desexen introducir para melloraren a súa dieta. É unha ferramenta que recomendaremos utilizar"*.

As conclusións personalizadas que ofrece o programa 'Ekilibria' baséanse no consenso científico dunha pirámide nutricional que sitúa na súa base, como alimentos máis frecuentes de consumo cotián, as froitas e as verduras frescas. Neste sentido, Nuria Martínez, directora da asociación "5 ao día", explica que *"a súa misión é concienciar a poboación da importancia do consumo de froita e hortalizas frescas, que deben alcanzar as 5 porcións diarias. Ekilibria de EROSKI diche se o estás a cumprir ou non e anímache a poñer pequenos obxectivos de mellora. Vai supoñer un antes e un despois nas accións de sensibilización por unha alimentación máis saudable"*.

"Ekilibria pode xogar un papel moi relevante naqueles casos nos que cómpre ser especialmente coidadoso coa alimentación, xa que brinda un diagnóstico claro da alimentación practicada no tempo e unha recomendación concreta para mellorar eses hábitos", en palabras do presidente da Fundación de Hipercolesterolemia Familiar (FHF), o doutor Pedro Mata.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Unha pequena festa para presentar 'Ekilibria'

EROSKI citou para esta tarde na sala Yimby de Bilbao a todos os que queiran coñecer de primeira man o novo programa 'Ekilibria'. Xunto aos preto de 200 Socios-Cliente de EROSKI Club convocados, acudirán, entre outros rostros coñecidos, a deportista e campioa olímpica Eli Pinedo, o televisivo Julian Iantzi, e mais o prestixioso cociñeiro, con 3 estrelas Michelin, Eneko Atxa. Ao seu carón estarán tamén presentes representantes da Sociedade Científica Española de Dietética e Nutrición (SEDYN) e a Asociación "5 ao día".

"Deime de alta en Ekilibria e o primeiro informe nutricional que recibín reveloume algunhas sorpresas, como que non era consciente da gran cantidade de froitas, hortalizas e cereais que consumo regularmente. Iso está ben e aledoume. Paréceme unha ferramenta extraordinaria para todos aqueles que amamos o deporte e a actividade física, porque nos axuda a mantermos un alimentación equilibrada", salienta Eli Pinedo, xogadora internacional de balonmán ata o 2106 e campioa olímpica nos Xogos de Londres 2012. Activista nas redes sociais e directora actualmente de *London 717*, unha marca de moda e estilo de vida "eco-friendly".

"Paréceme unha ferramenta revolucionaria. É increíble ver aí, todo xunto, todas as túas compras en EROSKI ordenadas por grupos de alimentos e sacar a conclusión de que deberías reducir isto ou aumentar o consumo destoutro. Encántame" subliña o presentador de orixe californiana Julian Iantzi, quen máis 'realities' leva presentado nas televisións españolas e que confesa estar contento co seu estilo de vida e admite que lle gustan os retos, o deporte e a aventura. *"Na miña opinión, deberíamos consumir máis froita e verdura e repartir os alimentos en cinco comidas ao día"*.

EROSKI lidera a información ao consumidor

EROSKI, como cooperativa de consumo, desenvolve un intenso labor pola formación e información do consumidor. *"Estamos convencidos do potencial da información ao consumidor como un elemento esencial para mellorarmos a súa calidade de vida a través dun consumo máis responsable",* explica Martínez Berriochoa. *"Tamén pola importancia que ten o consumidor, que coas súas decisións diarias de compra, é capaz de condicionar as prácticas dos sectores produtivos e distribuidores. En definitiva, a alimentación que practicamos acotío determina toda a cadea alimentaria e ten unha clara influencia nos retos de saúde pública a futuro"*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



A publicación EROSKI CONSUMER é o medio de comunicación líder en información relacionada co consumo en lingua castelá. Dispoñible a través da súa revista gratuíta mensual cunha tiraxe de 180.000 exemplares e da súa web www.consumer.es, con máis de 6 millóns de visitas mensuais e máis de 1 millón de descargas das súas distintas aplicacións para móbiles, constitúe unha referencia imprescindible de información veraz e contrastada en relación á práctica dunha alimentación equilibrada e duns hábitos de vida saudables, á vida en compañía de mascotas e aos coidados aos bebés. A revista EROSKI CONSUMER está, ademais, dispoñible noutros idiomas como euskera, catalán e galego.

Tamén EROSKI foi pioneira na transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos seus alimentos de marca propia coa implantación dunha avanzada etiquetaxe, o "Semáforo Nutricional", a través do cal os consumidores teñen a información precisa no frontal do envase para valorar a calidade nutricional de cada produto a partir do seu contido -baixo (verde), medio (amarelo), alto (laranja)- de azucre, graxa, graxa saturada e azucre.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)